

[Resolución do 26 de marzo de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases e se convocan axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.](#)

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o **31 de outubro de 2010**.

Serán requisitos necesarios para poder ser beneficiaria:

- a) Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia.
- b) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.
- c) Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou seren estes de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres que, reunindo estes requisitos, percibisen esta axuda con anterioridade.

A axuda consiste nunha contía económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata un máximo de doce mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu. O cómputo do período comeza o mes da solicitude. No suposto de que a solicitante estivese percibindo ingresos doutras axudas incompatibles con esta e, atendendo ao disposto no artigo 14º, renuncie a elas, detraerase do cómputo total o número de mensualidades coincidentes no período de percepción. A contía que poderá alcanzar esta axuda establecerase na convocatoria en función das rendas e ingresos da solicitante da axuda.